



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento de Auxiliar administrativo/a, persoal laboral fixo. Proceso selectivo de unha praza de Auxiliar administrativo/a. Procedementos de estabilización de emprego temporal.

Núm. Admvo. Expte: 2023/E001/000010

Expte. Decreto Núm.: 2024/G003/000640

Visto o expediente que se tramita para os procesos selectivos correspondente a praza de estabilización de emprego temporal do Concello de Laxe incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, aprobada por Resolución de Alcaldía núm. 577/2022, de 6 de outubro de 2022, relativa a unha praza de AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A, a través do sistema de selección de concurso de méritos, segundo as bases de selección que foron aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 439/2023, de 23 de maio de 2023.

As ditas bases de selección foron publicadas no BOP núm. 100 de 29 de maio de 2023, na sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios; publicándose o anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia núm. 123, do 29 de xuño de 2023 e no Boletín Oficial do Estado núm. 205, do 28 de agosto de 2023.

Por Resolución de Alcaldía núm. 861/2023, de 19/10/2023 aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, outorgándose un prazo de 10 días hábiles para emendas. A dita resolución foi publicada no BOP núm. 207, de 30/10/2023 e na sede electrónica do concello.

Por Resolución de Alcaldía núm. 361/2024, de 16/05/2024 aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento da Comisión de selección e data e hora para a realización da fase de concurso, realizándose unha corrección de erros por Resolución de Alcaldía núm. 386/2024, de 05/06/2024; publicándose as ditas resolucións no BOP núm. 101 do 27/05/2024 e no BOP núm. 112, do 11/06/2024, respectivamente.

Vista a acta da Comisión de selección que avaliou os méritos acreditados polos aspirantes presentados ao concurso, de data 13/06/2024, e vista a acta da cualificación definitiva de aspirantes, de data 12/06/2024, na que se indican que D^a. Ángela Devesa Vidal superou o proceso selectivo e se propón para a adquisición do posto de Auxiliar administrativa, como persoal laboral fixo deste concello.

Vista a Resolución de Alcaldía núm. 580/2024, de 05/08/2024, na que se lle require á persoa candidata proposta para a praza de Auxiliar Administrativo/a para a presentación no prazo de 20 días naturais da documentación establecida na base décima das bases xerais desta convocatoria.

Visto que con data do 19/08/2024 a persoa candidata proposta presenta a documentación requirida esixida na base décima das bases de selección que acredita que posúe os requisitos da base terceira, apartado 1 das bases xerais e os requisitos específicos sinalados no apartado 2.1 da base segunda das bases específicas.

Esta Alcaldía, de conformidade coa base 10.3 das bases xerais que rexen este proceso selectivo, e en uso das facultades que lle están conferidas polo art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVE:

PRIMEIRO. Nomear como **persoal laboral fixo do Concello de Laxe, na praza de Auxiliar administrativa**, coa categoría de Auxiliar Administrativo/a, a xornada completa, incluída na oferta de emprego público extraordinaria para a



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

estabilización de emprego temporal aprobada por Resolución de Alcaldía núm. 577/2022, de 6 de outubro de 2022, de acordo coa Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego, a:

| Apelidos e nome | DNI | Denominación da praza | Categoría | Xornada |
|----------------------|------------|---------------------------|---------------------------|----------|
| Devesa Vidal, Ángela | *** 1380** | Auxiliar administrativo/a | Auxiliar administrativo/a | Completa |

Segundo. Notificar á persoa interesada indicándolle o réxime de recursos procedente.

Terceiro. Ordenar a publicación do nomeamento no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no BOP da Coruña, advertíndolle que a formalización do preceptivo contrato realizarase no prazo máximo dun mes desde a publicación no BOP.

Cuarto. Formalizar o oportuno contrato laboral fixo con efectos do 01/09/2024.

Quinto. Dar traslado ao Departamento de Contabilidade municipal para a realización dos trámites necesarios para o seu coñecemento e efectos.

Sexto. Comunicar ao Rexistro de persoal para os efectos oportunos.

Sétimo. Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria-interventora accidental dou fe.

O alcalde,
Asdo.: Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora accidental
Asdo.: Emilia Alborés Lema